



## Concello de Meaño

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 8 DE ABRIL DE 2019.

#### ASISTENTES

#### **GRUPO POLITICO**

##### **ALCALDESA, que preside:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Lourdes Ucha Varela *PP*

##### **CONCELLEIROS:**

D. José Ramón Gondar Pintos *PP*

D. Ramón Tilve Castro *PP*

D<sup>a</sup>. Milagros Pérez Gándara *PP*

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar González Dopazo *PP*

D. José Manuel Méndez Lázaro *PP*

D<sup>a</sup>. Rosalina Lima Prado *PP*

D. José Manuel Ásperez Montes *MI*

D. Antonio Rial Lastres *MI*

D. José Varela Budelo *MI*

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Pilar Prado González *MI*

D. Icíá García Fernández *PSdeG-PSOE*

D. Manuel Radio Oubiña *PSdeG-PSOE*

##### **CONCELLEIROS NON ASISTENTES:**

##### **SECRETARIA:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Escudero Barral

No Salón de Sesións da Casa Consistorial de Meaño, ás 20:20 horas do día 8 de abril de 2019, réunese, previa convocatoria, o Pleno da Corporación en sesión ordinaria, coa asistencia dos Sras/es concelleiras/os que se relacionan na marxe.

A tódolos asistentes fíxoselles chegar copia da orde do día, cos asuntos a tratar, poñéndose a súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Concorrendo o quorúm necesario, declárase validamente constituída a sesión.

Aberta a sesión, pásase seguidamente ao exame dos puntos incluídos na orde do día da convocatoria.

#### **A) Parte resolutiva**

1º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 11-02-2019 E DA ACTA DO SORTEO DAS MESAS ELECTORAIS DE DATA 01-04-2019.

Non atopa presente neste punto o Sr. Tilve Casto.

A Sra. alcaldesa-presidenta pregúntalles aos membros do Pleno si teñen algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión ordinaria de data 11 de febreiro de 2019 e a acta correspondente ao sorteo das mesas electorais de data 1 de abril de 2019; non formulándose ningunha queda aprobada por unanimidade dos doce membros.

Incorpórase á sesión o Sr. Tilve Castro.

2º.- EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN FORZOSA CON MOTIVO DA EXECUCIÓN DA OBRA “PROXECTO DE EXECUCIÓN DA FASE I DE APERTURA E URBANIZACIÓN DE VIAL EN IGLESIA-LORES”. DETERMINACION DO XUSTO PREZO. (EXP. 678/2018)

A Sra. alcaldesa-presidenta da conta aos membros da Corporación da proposta formulada pola Alcaldía en relación con este asunto, sinalando que o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 10 de decembro de 2018, en relación co



## Concello de Meaño

---

expediente de referencia acordou desestimar as alegacións formuladas por D. Manuel Rosal Viñas, mediante escrito presentado con data 29-10-2018, n.º 2018-E-RC-5263, en base ao informe emitido polo presidente do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de A Coruña e declarar expresamente a necesidade da ocupación dos terreos, bens e dereitos afectados polo expediente de expropiación forzosa con motivo da execución da obra “PROXECTO DE EXECUCIÓN FASE I DE APERTURA E URBANIZACIÓN DE VIAL EN IGLESIA-LORES”, tramita-lo expediente de expropiación forzosa e expoñer este acordo a información pública durante un prazo de quince días hábiles, con publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, nun dos diarios de maior circulación na Provincia, no Taboleiro de Anuncios e na páxina Web do Concello de Meaño; concedéndolle audiencia aos interesados, con notificación individual a cantas persoas aparezan como interesadas no procedemento expropiatorio, ó abeiro dos artigos 21 da Lei e 20 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa, para que poidan examina-lo expediente e formula-los recursos que estimen procedentes.”

O devandito acordo foi sometido a información pública durante un prazo de quince días hábiles, con publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, n.º 10 de data 15-01-2019, no Faro de Vigo de data 09-01-2019, no Taboleiro de Anuncios e na páxina Web do Concello de Meaño; sen que se presentaran alegacións ou observacións ao mesmo no período concedido.

Foi notificado individual a cantas persoas aparezan como interesadas no procedemento expropiatorio, ó abeiro dos artigos 21 da Lei e 20 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa, para que puideran examina-lo expediente e formula-los recursos que estimaran procedentes; sen que os interesados presentaran recursos potestativos de reposición no prazo de interposición do mesmo.

Polo que procede declarar firme a necesidade da ocupación dos terreos, bens e dereitos afectados polo expediente de expropiación forzosa con motivo da execución desta obra e inicialo expediente para a determinación do xusto prezo.

Sometido o asunto a deliberación toma a palabra a voceira do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE, a Sra. García Fernández, quen manifesta que se trata dunha obra que os veciños de Lores piden e que votaran a favor.

Non producíndose máis intervencións e sometido o asunto a votación ordianaria, o Pleno da Corporación, aceptando o ditame proposta da Comisión Especial de Contas, por unanimidade dos trece membros, acorda:

1º.- Declarar firme a necesidade da ocupación dos terreos, bens e dereitos afectados polo expediente de expropiación forzosa con motivo da execución da obra “PROXECTO DE EXECUCIÓN FASE I DE APERTURA E URBANIZACIÓN DE VIAL EN IGLESIA-LORES” acordada polo Pleno da Corporación en sesión de data 10 de decembro de 2018.

2º.- Inicialo expediente para a determinación do xusto prezo coa descripción dos bens e dereitos a expropiar, que son os que de seguido se relacionan:



## Concello de Meaño

PARCELA CATASTRAL	TITULAR	TIPO DE SOLO/CULTIVO/SITUACIÓN	SUPERFICIE AFECTADA	VALORACIÓN	TOTAL
8079313NG1987N0001FQ	Banco Santander, S.A.	Solo de Núcleo Rural Muro contención de pedra Muro peche pedra Muro peche pedra Muro bloques formigón Malla metálica Traslado portal Arbol frutal	750,00 m <sup>2</sup> 62,50 m <sup>2</sup> 60,00 m <sup>2</sup> 5,95 m <sup>2</sup> 43,75 m <sup>2</sup> 35,00 m <sup>2</sup> 1 Ud. 1 Ud.	26,57 € 0,00 € * 0,00 € * 0,00 € * 0,00 € * 0,00 € * 0,00 € * 60,00 €	19.987,50 €
8079308NG1987N0001LQ	Alicia Besada Torres	Solo de Núcleo Rural Traslado portal e columna	20,00 m <sup>2</sup> 1Ud.	26,57 € 0,00 €	531,40 €
8079314NG1987N0001MQ	Manuel Rosal Viñas	Solo de Núcleo Rural Muro peche de pedra Malla metálica Traslado de emparrado Arbol frutal	20,00 m <sup>2</sup> 27,50 m <sup>2</sup> 22,00 m <sup>2</sup> 10,00 m.l. 3 Ud.	26,57 € 0,00 € * 0,00 € * 23,86 € 60,00 €	1.008,60 €
8178302NG1987N0001ZQ	Hdros. Gerardo B. Gómez Trelles	Solo de Núcleo Rural Muro contención de pedra Muro bloques formigón Traslado emparrado	18,00 m <sup>2</sup> 4,80 m <sup>2</sup> 2,76 m <sup>2</sup> 11,00 m.l.	26,57 € 0,00 € * 0,00 € * 23,86 €	740,72 €
8178305NG1987N0001WQ 8178304NG1987N0001HQ	Manuel Rosal Viñas	Solo de Núcleo Rural Muro contención de pedra Malla metálica Traslado de emparrado	50,00 m <sup>2</sup> 31,90 m <sup>2</sup> 29,00 m <sup>2</sup> 27 m.l.	26,57 € 0,00 € * 0,00€ * 23,86€	1.972,72 €

\* Non se valoran ao estar recollidas a súa reposición no “Proxecto de execución da fase I de apertura e urbanización de vial en Iglesia-Lores.”

Sen prexuízo de convir a adquisición por mutuo acordo, nos termos sinalados nos artigos 24 da Lei de expropiación forzosa en concordancia co artigo 25 e seguintes do regulamento da Lei de Expropiación forzosa, para o que se requirirá aos propietarios para que formalicen a aceptación da valoración ou presenten a súa folla de aprecio, na que se concrete o valor en que estimen o obxecto a expropiar.

### 3º.- DEROGACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DE TRÁFICO DO CONCELLO DE MEAÑO. (EXP. 798/2018)

A Sra. alcaldesa-presidenta da conta aos membros da Corporación da proposta formulada pola Alcaldía en relación con este asunto, sinalando que, o Pleno da Deputación de Pontevedra, en sesión de data 4 de marzo de 2019, acordou aceptar a delegación que realizou o Concello de Meaño por acordo do Pleno na sesión de data 11 de xuño de 2018, das facultades de recadación das multas de tráfico e a encomenda de xestión da colaboración na tramitación dos expedientes sancionadores en materia de multas de tráfico, dende o comenzo do procedemento sancionador co boletín de denuncia ata o inicio do proceso recadatorio.

A devandita delegación formalizarase, unha vez publicado o devandito acordo



## Concello de Meaño

---

no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, mediante o correspondente Convenio de colaboración que asinaran a/o representante da Deputación Provincial e do Concello de Meaño.

Segundo se sinala pola Directora de Xestión dos Servizos do ORAL, é conveniente a derogación da Ordenanza municipal de tráfico do Concello de Meaño, que foi aprobada polo Pleno da Corporación, en sesión de data 29 de xuño de 2000, publicándose no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra n.º 170 de data 5 de setembro de 2000 e que non está adaptada á vixente normativa en materia de tráfico e seguridade vial; polo que propón a súa derogación.

Sometido o asunto a deliberación toma a palabra o Sra. García Fernández, quen sinala que como comentaran en outro Pleno o Concello estaba cometendo irregularidades na aplicación das sancións, así o pon de manifesto ao propoñer derogar esta ordenanza.

Toma a palabra o Sr. Ásperez Montes, quen sinala que se propón a derogación desta ordenanza sin saber como quedará a regulado o tráfico e a circulación de vehículos e peóns neste Concello e outras ordenanzas relacionadas con esta materia, polo que lles gustaría contar con máis información; non obstante e dado que así o solicita o ORAL votarán a favor sen prexuízo de que se aprobe outra.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, aceptando o ditame proposta da Comisión Especial de Contas, por unanimidade dos trece membros, acorda:

1º.- Aprobar inicialmente a derogación da Ordenanza municipal de tráfico do Concello de Meaño, aprobada polo Pleno da Corporación, en sesión de data 29 de xuño de 2000 e publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra n.º 170 de data 5 de setembro de 2000.

2º.- Expoñer ao público o devandito acordo, polo prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao de publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia, dentro do cal as persoas interesadas poderán examinalo expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

3º.- De non presentarse reclamación ou observacións ao mesmo, este acordo entenderase definitivamente aprobado.

4º.- EXECUCIÓN DA SENTENZA N.º 17/2019 DITADA EN RELACIÓN CO PROCEDEMENTO ORDINARIO N.º 0000306/2018 E DA SENTENZA N.º 22/2019 DITADA EN RELACIÓN CO PROCEDEMENTO ORDINARIO 0000264/2018, POLO XULGADO DO SOCIAL N.º 3 DE PONTEVEDRA. (EXP. 246/2019)

A Sra. alcaldesa-presidenta da conta aos membros da Corporación da proposta



## Concello de Meaño

formulada pola Alcaldía en relación con este asunto, a vista a Sentenza n.º 17/2019 ditada en relación co procedemento ordinario n.º 0000306/2018 e a Sentenza n.º 22/2019 ditada en relación co procedemento ordinario 0000264/2018, polo Xulgado do Social n.º 3 de Pontevedra e da moción presentada ao Pleno da Corporación, de data 11-02-2018, polo voceiro do Grupo Municipal Agrupación de Electores Meaño Independiente, na que solicita

*“\*Instar o Grupo de Goberno a asumir por enteira a sentenza xudicial de 23 de xaneiro con número 00022/2019, así como a anular as convocatorias, tanto as que estén en curso como as previstas, e consolidar os postos de traballo de todas e todos aqueles traballadoras e traballadores que estén na mesma situación que as referidas na sentenza citada.”.*

Así coma, someramente, do informe emitido pola secretaria-interventora, con data 3 de abril de 2019, en relación con este asunto, cuxo contido literal é o seguinte:

### “INFORME DE SECRETARIA-INTERVENCIÓN

**ASUNTO:** EXECUCIÓN DA SENTENZA N.º 17/2019 DITADA EN RELACIÓN CO PROCEDEMENTO ORDINARIO N.º 0000306/2018 E SENTENZA N.º 22/2019 DITADA EN RELACIÓN CO PROCEDEMENTO ORDINARIO 0000264/2018, POLO XULGADO DO SOCIAL N.º 3 DE PONTEVEDRA.

De acordo co ordenado pola Alcaldía mediante Providencia, e en cumprimento do establecido no artigo 3.3 a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional e o artigo 173 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; emito o seguinte,

INFORME:

#### Antecedentes de feito:

1º.- O Maxistrado Xuíz do Xulgado do Social n.º 3 de Pontevedra, con data 23 de xaneiro de 2019, dita a sentenza n.º 17, en relación co procedemento ordinario 0000306/2018, do que é demandante Ángeles Rosal Moldes, que ven prestando servizos para o Concello de Meaño coa categoría de auxiliares de enfermería no Centro Social Polivalente, e no que se solicitaban que se dicte sentenza pola que se recoñeza a condición de “Traballadora Laboral Indefinida Non Fixa”.

A devandita sentenza contén o seguinte FALLO “Estimando a demanda interpuesta por DOÑA MARIA ANGELES ROSAL MOLDES fronte al CONCELLO DE MEAÑO, declaro el carácter indefinido de la relación laboral que une a las partes, condenando al demandado a estar y pasar por la presente declaración.

2º.- O Maxistrado Xuíz do Xulgado do Social n.º 3 de Pontevedra, con data 23 de xaneiro de 2019, dita a sentenza n.º 22, en relación co procedemento ordinario 0000264/2018, do que son demandantes M.ª Cruz Domínguez Méndez, M.ª del Pilar Balboa Lores, M.ª Luisa Galiñanes Mouta, Nieves Prado González, Trinidad Agís Méndez, M.ª Nieves Hermida Rey, M.ª Aurora Dasilva Insua, M.ª Susana Vilas Charlín, que veñen prestando servizos para o Concello de Meaño como auxiliares de axuda a domicilio, e no que se solicitaban que se dicte sentenza pola que se declare que a relación laboral que une ás demandantes coa demandada (Concello de Meaño) é de carácter INDEFINIDO NON FIXO.

A devandita sentenza contén o seguinte FALLO “Estimando la demanda interpuesta por DOÑA CRUZ DOMÍNGUEZ MÉNDEZ Y OTRAS frente al CONCELLO DE MEAÑO, declaro el carácter indefinido de la relación laboral que une a las partes, condenando al demandado a estar y pasar por la presente declaración.”

3º.- Na sesión ordinaria do Pleno da Corporación, de data 11-02-2018, o voceiro do Grupo Municipal Agrupación de Electores Meaño Independiente presenta unha moción con carácter urxente en relación con esta sentenza, na que solicita

*“\*Instar o Grupo de Goberno a asumir por enteira a sentenza xudicial de 23 de xaneiro con número 00022/2019, así como a anular as convocatorias, tanto as que estén en curso como as previstas, e consolidar os postos de traballo de todas e todos aqueles traballadoras e traballadores que estén na mesma situación que as referidas na sentenza citada.”*

Sometida esta proposta a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros acorda deixala sobre a mesa.

4º.- Mediante providencia a Alcaldía de data 02-04-2018, dispónse que pola secretaria-interventora se emita informe sobre a viabilidade da moción e as medidas a adoptar en cumprimento da referida sentenza e a lexislación aplicable nesta materia.

#### Outros antecedentes de interés:



## Concello de Meaño

1º.- O Pleno da Corporación, en sesión de data 12 de febreiro 2018, aprobou conxuntamente co Orzamento Municipal 2018, o Cadro de persoal laboral fixo coa creación, entre outros, do posto de coidador/a terceira idade Centro Social Polivalente, coa categoría de auxiliar de clínica, como estabilización de emprego temporal, ao abeiro do artigo 19.2.6) da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2017; incluída na Oferta de Emprego Público deste Concello 2018, que foi aprobada mediante Resolución da Alcaldía de data 22-05-2018 e publicada no BOP e DOGA e actualmente resolto o proceso de selección con proposta de candidata para contratación laboral de carácter fixo.

2º.- O Pleno da Corporación, en sesión de data 11 de febreiro 2019, aprobou conxuntamente co Orzamento Municipal 2019, o Cadro de persoal laboral fixo coa creación, entre outros, de oito postos de traballo de persoal laboral fixo de coidador/a de axuda a domicilio, derivado do proceso de estabilización de emprego temporal, mediante o Plan de estabilización, aprobado polo Pleno da Corporación en sesión de data 28 de decembro de 2018, para o exercicio 2019, ao abeiro do artigo 19.9 da Lei 6/2018, de 3 xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para 2018.

### Fundamentos xuriprudenciais e xurídicos:

**Primeiro.-** Lexislación aplicable.

A lexislación aplicable vén dada, fundamentalmente, pola seguinte:

- Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 ( LGPE 18).
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ( TREBEP).
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores ( TRET).

**Segundo.-** O Concepto de “traballador indefinido non fixo de plantilla” ten unha orixe xurispudencial, foi obxecto dunha constante evolución interpretativa por parte do Tribunal Supremo, podéndose identificar (ata a data) 4 grandes fases:

1.- Unha primeira fase, caracterizada por un certo vaivén doutrinal e unha posterior consolidación, podéndose concretar 4 etapas diferentes dentro desta mesma fase, a saber:

1ª Etapa: STS 27/11/1989:

Como regra xeral, o Alto Tribunal considera que «as irregularidades que poidan cometer as Administracións Públicas na contratación temporal de persoal ao seu servizo non poden determinar, pola simple inobservancia dalgunha das formalidades do contrato, do remate ou dos requisitos aplicables ás prórrogas, a atribución con carácter indefinido», que debe proveerse de acordo cos principios de publicidade e mérito.

2ª Etapa: SSTS 7/2/1990; 24/4/1990; e 18/7/1990:

Nesta segunda etapa, o Tribunal Supremo considera que:

- a. A irregularidade na modalidade contractual temporal aplicada non debe determinar a transformación do contrato en indefinido,
- b. Esa contratación irregular pon normalmente de relevo que existe un posto de traballo laboral cuxa provisión non foi obxecto de cobertura regulamentaria e, en consecuencia, o contrato temporal oríentase en realidade á finalidade de permitir, tamén con carácter temporal, o desempeño desa praza ata que poida cubrirse de forma definitiva, no que pode cualificarse como interinidade de feito.

3ª Etapa: STS 18/3/1991; de 26 outubro, 30 novembro e 5 decembro 1996:

Nesta terceira, considera o Tribunal que as Administracións Públicas están plenamente sometidas aos límites que a lexislación laboral establece sobre a contratación temporal, e que as infraccións desa lexislación poden determinar a adquisición da fixeza.

4ª Etapa: STS 7/10/1996; de 10 e 30 decembro 1996; e de 14 marzo e 24 abril 1997:

Neste período o Tribunal Supremo, en aras a preservar os principios que rexen o acceso ao exercicio dunha función pública, ditamina que o carácter indefinido “non supón que o traballador consolide, sen superar os procedementos de selección, unha condición de fijeza en persoal”.

En concreto, na sentenza de 7/10/1996 sinala:

*«a contratación na Administración Pública á marxe dun sistema adecuado de ponderación de mérito e capacidade impide equiparar aos demandantes a traballadores fixos de persoal, condición ligada á contratación polo procedemento regulamentario, sen prexuízo da súa contratación, no seu caso, como traballadores vinculados por un contrato de traballo por tempo indefinido».*

E, posteriormente, a STS 20 de xaneiro 1998:

*“O carácter indefinido do contrato implica desde unha perspectiva temporal que este non está sometido, directa ou indirectamente a un remate. Pero isto non supón que o traballador consolide, sen superar os procedementos de selección, unha condición de fijeza en plantilla que non sería compatible coas normas legais sobre selección de persoal fixo nas Administracións Públicas. En virtude destas normas o organismo afectado non pode atribuír a pretendida fijeza en persoal cunha adscrición definitiva do posto de traballo, senón que, pola contra, está obrigado a adoptar as medidas necesarias para a provisión regular do mesmo e, producida esa provisión na forma legalmente procedente, existirá unha causa lícita para extinguir o contrato”.*

Do que cabe subliñar:

*«o carácter indefinido do contrato implica desde unha perspectiva temporal que este non está sometido, directa ou indirectamente*



## Concello de Meaño

a un remate»

Pero engade que:

«isto non supón que o traballador consolide, sen superar os procedementos de selección, unha condición de fixeza en persoal que non sería compatible coas normas legais sobre selección de persoal fixo nas Administracións Públicas».

De modo que o organismo público empregador “está obrigado a adoptar as medidas necesarias para a provisión regular” do correspondente posto de traballo, o cal significa que devandito organismo ten a obrigaçión de levar a cabo a cobertura regulamentaria desa praza vacante; e logo engade que esta cobertura regulamentaria, esta “provisión na forma legalmente procedente” da referida praza, determina a existencia de “causa lícita para extinguir o contrato”.

Por iso é polo que, aínda que se declare contraria a Dereito a causa de temporalidade pactada, conforme ao art. 49.1. c) ET e recoñézase a relación como indefinida, esta queda sometida a unha condición –a provisión da vacante polos procedementos legais de cobertura-, cuxo cumprimento determina a extinción do contrato de traballo mediante a correspondente denuncia do empregador público, sen que sexa preciso recorrer ás modalidades de despedimento que contemplan os artigos 51 e 52 do TRET.

Posteriormente, a STS 27 de maio de 2002 sostén que:

A cobertura definitiva e «mediante un procedemento regulamentario de selección, da praza desempeñada en virtude do contrato temporalmente indefinido», (pero non fixo) «fai xurdir unha causa de extinción do contrato»; causa que «ten que subsumirse nas enunciadas xenericamente polo apartado b) do citado núm. 1 do art. 49 ET»,

E iso porque:

«desde que unha sentenza xudicial firme aplica a un contrato de traballo a doutrina desta Sala contida na mencionada sentenza do 20 de xaneiro de 1998, está a cumprir o previsto no art. 9 ET, a saber, declarar a nulidade parcial do contrato aparentemente temporal (...) por contraria ao art. 15 ET”, pero “substitúe dita cláusula por outra causa de extinción do contrato, expresamente establecida na nosa meritada Sentenza, a saber, a ocupación da praza por procedemento regulamentario, que cumpre os preceptos legais e os principios constitucionais».

Así pois, basta coa denuncia fundada nesta causa para que o contrato indefinido non fixo se extinga.

De modo que, na medida que o organismo público empregador ten a obrigaçión de levar a cabo a cobertura regulamentaria desa praza vacante, este tipo de relación queda sometida a unha condición e pode extinguirse (sen dereito a indemnización) se se produce a provisión na forma legalmente procedente da referida praza, ou ben, se se produce unha amortización da mesma.

### 2.- Unha segunda fase, a partir do cambio doutrinal de xuño de 2014 (sentenza 24 de xuño 2014):

Dita sentenza, referida á extinción de interinos por vacante, pon fin á posibilidade de acudir á amortización simple. Tese confirmada de forma específica para a extinción de traballadores indefinidos non fixos na STS 8 de xullo 2014.

E, en relación aos indefinidos non fixos, a xurisprudencia posterior a xuño de 2014 manterá un criterio paralelo ao dos interinos por vacante. De feito, a STS 8/7/14 ratifica a equiparación entre indefinidos non fixos e interinos por vacante.

Neste contexto, a STS 6 de outubro 2015 afirma que:

«Os contratos do persoal indefinido non fixo, dise nesa sentenza [a de xuño de 2014] e outras moitas posteriores que a seguiron, teñen natureza temporal e están suxeitos a unha duración determinada -ata a cobertura regulamentaria da vacante- de maneira que se coñece a posible causa de terminación do mesmo, aínda que non o momento en que tal circunstancia ocorrerá».

E a STS 4 de febreiro 2016 tamén o ratifica:

«Como dixemos na nosa sentenza do Pleno do 24 de xuño de 2014 ( R. 217/2013) os contratos do persoal indefinido non fixo, teñen natureza temporal e están suxeitos a unha duración determinada -ata a cobertura regulamentaria da vacante- de maneira que se coñece a causa de terminación do mesmo, aínda que non o momento en que tal circunstancia ocorrerá».

### 3.- Unha terceira fase, iniciada coa STS 28 de marzo 2017, recoñecendo o seu carácter “non temporal”; e,

4.- Finalmente, unha cuarta fase, na que a STS 2 de abril 2018 volveu a recoñecer o seu carácter temporal, pero diferenciándoa dos interinos por vacante.

Nesta liña xurisprudencial pronúncianse a sentenza que nos ocupan, así no fundamento de dereito segundo, sinálase en ambas que “(...) a duración desta contratación, o que xa é un dato significativo que nos permite valorar que esta temporalidade non é tal, tratándose dunha actividade cuxa permanencia apunta á necesidade dunha contratación indefinida. Precisamente para tratar de penalizar a contratación temporal sucesiva e ademais con independencia da presenza de ánimo defraudatorio e atendendo simplemente ao dato obxectivo do número de contratos, o artigo 15 do E. T. punto 5 na redacción dada polo R.D. Lei 5/2006 establece que, sen prexuízo do disposto nos seus apartados 2 e 3, os traballadores que nun período de 30 meses estivesen contratados durante un prazo superior a 24 meses, con ou sen solución de continuidade, para o mesmo posto de traballo coa mesma empresa, mediante dúas ou máis contratos temporais, sexa directamente ou a través da súa posta a disposición por empresas de traballo temporal, coas mesmas ou diferentes modalidades contractuais de duración determinada, adquirirán a condición de traballadores fixos. Tal precepto é de aplicación ao demandado, coa particularidade que se contén na Disposición Adicional 15 do citado texto, na que se di que o disposto no artigo 15.5 é aplicable ás Administracións públicas e os seus organismos autónomos sen prexuízo da aplicación dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade no acceso ao emprego público, polo que non será obstáculo para a obrigaçión de proceder á cobertura dos postos de traballo que se trate a



## Concello de Meaño

*través dos procedementos ordinarios, de acordo co establecido na o normativa aplicable, o que nos remite á doutrina xurisprudencial reiterada que expresa que a contratación na Administración Pública á marxe dun sistema adecuado de ponderación de mérito e capacidade impide equiparar ao demandante a un traballador fixo de persoal, condición ligada á contratación polo procedemento regulamentario, sen prexuízo da súa contratación, no seu caso, como traballador vinculado por un contrato de traballo por tempo indefinido, petición que é a que se contén en demanda. (...)*

**Terceiro.** Segundo dispón o artigo 28 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia “1. As relacións de postos de traballo serán obxecto das modificacións necesarias para axustalas á creación de postos derivados de sentenzas xudiciais firmes que recoñezan situacións laborais de carácter indefinido, cando a persoa afectada non poida ser adscrita a un posto de traballo vacante. A proposta de modificación da relación de postos de traballo deberá efectuarse no prazo máximo de tres meses, contados a partir da data da firmeza da sentenza xudicial.

2. Os postos de traballo creados en aplicación do previsto neste artigo incluíranse nas correspondentes relacións de postos de traballo como postos de persoal funcionario ou, excepcionalmente, de persoal laboral cando a natureza das súas funcións así o requira, e incorporaranse á oferta de emprego público, a non ser que se dispoña a súa amortización.

3. Unha vez modificada a relación de postos de traballo, a persoa afectada será adscrita ao posto de nova creación.

4. Incurrirán en responsabilidade, nos termos previstos por esta lei, as persoas que coa súa actuación irregular dean lugar á conversión en indefinida dunha relación laboral de carácter temporal ou á adquisición da condición de empregado público por unha persoa que non a teña.”

Pola súa parte o punto 1 da Disposición adicional decimoquinta do Real Decreto 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto dos Traballadores, establece “Lo dispuesto en el artículo 15.1.a) en materia de duración máxima del contrato por obra o servicio determinados y en el artículo 15.5 sobre límites al encadenamiento de contratos surtirá efectos en el ámbito de las Administraciones Públicas y sus organismos públicos vinculados o dependientes, sin perjuicio de la aplicación de los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad en el acceso al empleo público, por lo que no será obstáculo para la obligación de proceder a la cobertura de los puestos de trabajo de que se trate a través de los procedimientos ordinarios, de acuerdo con lo establecido en la normativa aplicable.”

**Cuarto.** A Disposición Adicional 34ª. Dous da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2017, establece que “(...) Así mesmo, los órganos de personal citados no podrán atribuir la condición de indefinidos no fijo a personal con un contrato de trabajo temporal, ni a personal de empresas que a su vez tengan un contrato administrativo con la Administración respectiva, salvo cuando ello se derive de una resolución judicial” mandato que reproduceu a Disposición Adicional cuatraxésima da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2018, “...Así mismo, los órganos de personal citados no podrán atribuir la condición de indefinido no fijo a personal con un contrato de trabajo temporal, ni a personal de empresas que a su vez tengan un contrato administrativo con la Administración respectiva, salvo cuando ello se derive de una resolución judicial.”

Do que queda claro que o recoñecemento da condición de indefinido non fijo é únicamente xudicial, así o veu a recoñecer as propias sentenzas obxecto do presente informe, ao sinalar no Fundamento de Dereito segundo “Únicamente cabe aceptar las dificultades con que cuentan las administraciones públicas para adoptar estas decisiones al estar sometidas al principio de legalidad, que en ocasiones introduce obstáculos casi siempre vinculados a cuestiones presupuestarias y en particular, la disposición expresa que se contiene en la Disposición Adicional 34 y Disposición Adicional 42 de las Leyes de Presupuestos Generales de los años 2017 y 2018 a las que alude el CONCELLO en la desestimación de la reclamación previa (folio 273) en relación a la exigencia de responsabilidad por la utilización incorrecta de la contratación temporal, al disponer que los órganos de personal citados no podrán atribuir la condición de indefinido no fijo a personal con un contrato de trabajo temporal, ni a personal de empresas que a su vez tengan un contrato administrativo con la Administración respectiva, salvo cuando ello se derive de una resolución judicial, lo que impide al demandado adoptar una postura diferente y a su vez hace necesario el dictado de un pronunciamiento judicial como el presente, estimando por ello la demanda con la declaración interesada”.

Por outra banda, o parágrafo segundo do punto 3 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2017, establece que “No computarán dentro del límite máximo de plazas derivado de la tasa de reposición de efectivos las plazas que se convoquen para su provisión mediante procesos de promoción interna y las correspondientes al personal declarado indefinido no fijo mediante sentencia judicial.”, reproduciendo o parágrafo segundo do punto 7 do artigo 19 da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2018.

Así mesmo o punto 6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2017 regula unha taxa adicional para a estabilización do emprego temporal “Las Administraciones y sectores señalados en las letra A), B), G), O) y P) y Policía Local (...) además de la tasa resultante del apartado Uno.2 y 3, podrán disponer de una tasa adicional para estabilización de empleo temporal que incluirá hasta el 90 por ciento de las plazas que, estando dotadas presupuestariamente, hayan estado ocupadas de forma temporal e ininterrumpidamente al menos en los tres años anteriores a 31 de diciembre de 2016.

Las ofertas de empleo que articulen estos procesos de estabilización, deberán aprobarse y publicarse en los respectivos Diarios Oficiales en los ejercicios 2017 a 2019 y serán coordinados por los Departamentos ministeriales competentes.

La tasa de cobertura temporal en cada ámbito deberá situarse al final del período por debajo del 8 por ciento.

La tasa de cobertura temporal en cada ámbito deberá situarse al final del período por debajo del 8 por ciento.

La articulación de estos procesos selectivos que, en todo caso, garantizará el cumplimiento de los principios de libre concurrencia, igualdad, mérito, capacidad y publicidad, podrá ser objeto de negociación en cada uno de los ámbitos territoriales de la Administración General del Estado, Comunidades Autónomas y Entidades Locales, pudiendo articularse medidas que posibiliten una coordinación entre las diferentes Administraciones en el desarrollo de los mismos.

De la resolución de estos procesos no podrá derivarse, en ningún caso incremento de gasto ni de efectivos, debiendo ofertarse en estos procesos, necesariamente, las plazas de naturaleza estructural que se encuentren desempeñadas por personal con vinculación temporal. (...)





## Concello de Meaño

Pola súa parte, o punto 9 do artigo 19 da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Presupostos Xerías do Estado para o ano 2018, establece que *“Además de lo establecido en el artículo 19.uno.6 de la Ley 3/2017, de 27 de junio, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2017, se autoriza una tasa adicional para la estabilización de empleo temporal que incluirá las plazas de naturaleza estructural que, estando dotadas presupuestariamente, hayan estado ocupadas de forma temporal e ininterrumpidamente al menos en los tres años anteriores a 31 de diciembre de 2017 en los siguientes sectores y colectivos: personal de los servicios de administración y servicios generales, de investigación, de salud pública e inspección médica así como otros servicios públicos. En las Universidades Públicas, sólo estará incluido el personal de administración y servicios. Las ofertas de empleo que articulen estos procesos de estabilización, deberán aprobarse y publicarse en los respectivos Diarios Oficiales en los ejercicios 2018 a 2020 y serán coordinados por los Departamentos ministeriales competentes.*

*La tasa de cobertura temporal de las plazas incursas en los procesos de estabilización, deberá situarse al final del período, en cada ámbito, por debajo del 8 por ciento.*

*La articulación de estos procesos selectivos que, en todo caso, garantizará el cumplimiento de los principios de libre concurrencia, igualdad, mérito, capacidad y publicidad, podrá ser objeto de negociación en cada uno de los ámbitos territoriales de la Administración General del Estado, Comunidades Autónomas y Entidades Locales, pudiendo articularse medidas que posibiliten una coordinación entre las diferentes Administraciones en el desarrollo de los mismos.*

*De la resolución de estos procesos no podrá derivarse, en ningún caso, incremento de gasto ni de efectivos, debiendo ofertarse en estos procesos, necesariamente, plazas de naturaleza estructural que se encuentren desempeñadas por personal con vinculación temporal.”*

A vista do sinalado e concretamente do disposto nas Disposición Adicional 34ª.Dous da Lei 3/2017, d0 27 de xuño, de Presupostos Xerías do Estado para o ano 2017, que foi reproducida pola Disposición Adicional cuaxaxésima da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Presupostos Xerías do Estado para o ano 2018, no artigo 28 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e na Disposición adicional decimoquinta do Real Decreto 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto dos Traballadores e as citadas SSTS do 20 de xaneiro de 1998, RJ 1998\1000; do 7 de outubro de 1996, RJ 1996\7492; do 27 de maio de 2002, RJ 2002\9893; do 27 de decembro de 2002, RJ 2003\1844; e do 11 de novembro de 2003, RJ 2003\8956 e do fallo contido nestas sentenzas, considerase que:

### 1.- Pode concluirse:

1. O carácter de indefinido non fixo das relacións laborais só pode ser declarado por Sentenza, así o deixa claramente establecido a xurisprudencia, o punto 4 do artigo 28 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego Público de Galicia e a Disposición Adicional 34ª.Dous da Lei 3/2017, d0 27 de xuño, de Presupostos Xerías do Estado para o ano 2017, que foi reproducida pola Disposición Adicional cuaxaxésima da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Presupostos Xerías do Estado para o ano 2018, que ten vixencia indefinida e se dicta ao amparo do artigo 149.1.18ª da Constitución.

2. Esta declaración comporta a obriga da Administración de proceder a cubrir os postos de traballo de que se trate a través dos procedementos ordinarios de acordo co establecido na normativa aplicable, que garantirán o cumprimento dos principios de libre concurrencia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

3. Na medida que o organismo público empregador ten a obriga de levar a cabo a cobertura regulamentaria destes postos, este tipo de relación queda sometida a unha condición (a provisión da vacante polos procedementos legais de cobertura ou amortización das mesmas) e extinguese coa provisión na forma legalmente procedente das referidas prazas, ou ben, se se produce unha amortización das mesmas.

Os contratos do persoal indefinido non fixo, dí a xurisprudencia, teñen natureza temporal e están suxeitos a unha duración determinada, ata a cobertura regulamentaria dos postos ou a súa amortización; a “provisión na forma legalmente procedente” determina a existencia de “causa lícita para extinguir o contrato”.

### 2.- Comporta a obriga por parte do Concello de realizar as seguintes actuacións para levar a cabo o cumprimento das sentenzas e a lexislación aplicable:

- Sentenza 22/2019 ditada polo Xulgado do Social n.º 3 de Pontevedra en relación co Procedemento ordinario 0000264/2018:

a) Declarado o carácter indefinido non fixa da relación laboral no fallo contido na sentenza 00022/2019, ditada polo maxistrado xuíz do Xulgado do Social n.º 3 de Pontevedra, procede tomar coñecemento da mesma, acatadoa e cumprindoa nos seus termos.

b) Adscribir este persoal con relación laboral indefinida non fixa, ata a cobertura dos postos con carácter laboral fixo, aos postos de traballo vacantes de persoal laboral fixo de coidador/a de axuda a domicilio, incluídos no Cadro de persoal laboral fixo, aprobado conxuntamente co Orzamento Municipal correspondente ao exercizo 2019 e derivado do proceso de estabilización de emprego temporal, mediante o Plan de estabilización, aprobado polo Pleno da Corporación en sesión de data 28 de decembro de 2018, para o exercicio 2019, ao abeiro do artigo 19.9 da Lei 6/2018, de 3 xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para 2018.

c) Aprobar a correspondente oferta de emprego público incluíndo os postos de traballo vacantes de persoal laboral fixo de coidador/a de axuda a domicilio aos que queda adscrito temporalmente este persoal.

d) Articular o correspondente proceso selectivo para cubrir estes postos con carácter laboral fixo que, en todo caso, garantirá o cumprimento dos principios de libre concurrencia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

e) Unha vez rematado o proceso selectivo seguido para cubrir estes postos con carácter laboral fixo e previo á formalización destas relacións laborais, extinguir a relación laboral indefinida non fixa do Concello de Meaño con estas traballadoras.



## Concello de Meaño

- Sentenza 17/2019 ditada polo Xulgado do Social n.º 3 de Pontevedra en relación co Procedemento ordinario 0000306/2018:

a) Declarado o carácter indefinido non fixa da relación laboral no fallo contido na sentenza 17/2019, ditada polo maxistrado xuíz do Xulgado do Social n.º 3 de Pontevedra, procede tomar coñecemento da mesma, acatada e cumpríndoa nos seus termos.

b) Adscribir a D<sup>a</sup> Ángeles Rosal Moldes con relación laboral indefinida non fixa, ata a cobertura do posto con carácter laboral fixo, e ao posto de traballo vacante de persoal laboral fixo de de coidador/a terceira idade Centro Social Polivalente, coa categoría de auxiliar de clínica, incluída no Cadro de Persoal laboral fixo, aprobado conxuntamente co Orzamento Municipal 2018 e derivado do proceso de estabilización de emprego temporal, ao abeiro do artigo 19.2.6) da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2017; incluída na Oferta de Emprego Público deste Concello 2018, que foi aprobada mediante Resolución da Alcaldía de data 22-05-2018.

c) Dado que este posto xa foi obxecto de oferta de emprego público e do correspondente proceso selectivo para cubrilo con carácter laboral fixo, e do que non resultando seleccionada e proposta para a contratación D<sup>a</sup> Ángeles Rosal Moldes, aínda que participou no mesmo; previamente á formalización da relación laboral fixa coa candidata seleccionada procede extinguir a relación laboral do Concello de Meaño con D<sup>a</sup> Ángeles Rosal Moldes.

Por todo o exposto, considérase que non é axustada a dereito a petición contida na moción do Grupo Municipal Agrupación de Electores Meaño Independiente; polo que se propón á Comisión Especial de Contas que ditamine favorablemente este asunto e a súa vez lle propoñan ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Declarado o carácter indefinido non fixa destas relacións laborais no fallo contido nas sentenzas n.º 00017/2019 e n.º 00022/2019, ditada polo maxistrado xuíz do Xulgado do Social n.º 3 de Pontevedra, procede tomar coñecemento das mesmas, acatadas e cumpríndoas nos seus termos.

2º.- Adscribir este persoal con relación laboral indefinida non fixa, ata a cobertura dos postos con carácter laboral fixo, aos postos de traballo vacantes de persoal laboral fixo da categoría a que correspondan.

3º.- Que polo órgano competente se proceda a aprobar a correspondente oferta de emprego público incluíndo os postos de traballo vacantes de persoal laboral fixo de coidador/a de axuda a domicilio aos que queda adscrito temporalmente este persoal.

4º.- Que polo órgano competente se proceda, previamente á formalización da relación laboral fixa derivada da correspondente oferta de emprego público e do proceso selectivo seguido para cubrir con carácter laboral fixo o posto de coidadora do Centro Social Polivalente, a extinguir a relación laboral do Concello de Meaño con D<sup>a</sup> Ángeles Rosal Moldes.

Este é o meu parecer que se somete a outro mellor fundado en dereito.

En Meaño, a secretaria-interventora M.<sup>a</sup> Teresa Escudero Barral”

Sometido o asunto a deliberación toma a palabra a voceira do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE, a Sra. García Fernández, quen manifesta que están de acordo en que o Concello execute as sentenzas e se cubran os postos de forma regulamentaria e polo sistema de concurso-oposición.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal MI, o Sr. Ásperez Montes, quen sinala que está de acordo en que se cumpra a sentenza e que estes procesos se puideron levar de outra forma.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, aceptando o ditame-proposta da Comisión Especial de Contas, con catro abstencións dos membros do Grupo Municipal MI e por nove votos a favor dos concelleiros dos Grupo Municipais do PP e do PSdeG-PSOE, acorda:

1º.- Desestimar a petición contida na moción presentada ao Pleno da Corporación, de data 11-02-2018, polo voceiro do Grupo Municipal Agrupación de Electores Meaño Independiente ao non se axusta a dereito en base aos fundamentos legais e xurisprudencias contidos no informe da secretaria-interventora de data 03-04-2019.

2º.- Declarado o carácter indefinido non fixa destas relacións laborais no fallo contido nas sentenzas n.º 00017/2019 e n.º 00022/2019, ditada polo maxistrado xuíz do



## Concello de Meaño

---

Xulgado do Social n.º 3 de Pontevedra, procede tomar coñecemento das mesmas, acatándoas e cumprindoas nos seus termos.

3º.- Adscribir este persoal con relación laboral indefinida non fixa, ata a cobertura dos postos con carácter laboral fixo, aos postos de traballo vacantes de persoal laboral fixo da categoría a que correspondan.

4º.- Que polo órgano competente se proceda a aprobar a correspondente oferta de emprego público incluíndo os postos de traballo vacantes de persoal laboral fixo de coidador/a de axuda a domicilio aos que queda adscrito temporalmente este persoal.

5º.- Que polo órgano competente se proceda, previamente á formalización da relación laboral fixa derivada da correspondente oferta de emprego público e do proceso selectivo seguido para cubrir con carácter laboral fixo o posto de coidadora do Centro Social Polivalente, coa categoría de auxiliar de clínica ou equivalente, a extinguir a relación laboral do Concello de Meaño con D<sup>a</sup> Ángeles Rosal Moldes.

### 5º.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 1/2019. (EXP. 281/2019)

A Sra. alcaldesa-presidenta da conta aos membros da Corporación da proposta formulada pola Alcaldía en relación co expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito que se está a tramitar, ao abeiro do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que establece a posibilidade do recoñecemento de obrigacións correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non o foron recoñecidas naquel ao que correspondían, mediante a asignación puntual e específica de obrigacións procedentes de exercicios anteriores ao orzamento vixente, para facer fronte a parte da liquidación presentada, con data de rexistro de entrada 28 de decembro de 2018, pola Mancomunidade do Salnés correspondentes a gastos relativos ó terceiro cuatrimestre do ano 2018 e da que se adebedan 21.526,66 €, ao ser insuficiente a consignación existente na correspondente aplicación presupostaria e esa data.

Sometido o asunto a deliberación toma a palabra a voceira do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE, a Sra. García Fernández, quen sinala que neste expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito figura un importe de 5.071,43 € en concepto de promoción turística, preguntando en que repercute a promoción turística promovida pola Mancomunidade do Salnés no Concello de Meaño, especificamente que actuación está dirixida á promoción turística de Meaño.

Contesta a Sra. alcaldesa que, a Mancomunidade promociona aos concellos que a integran e os gastos responden ao reparto establecido por concellos por elaboración e publicación dípticos, material e asistencia a feiras e e outros certames de turismo.

Toma de novo a palabra a Sra. García Fernández, quen sinala que hai que pagarlle á Mancomunidade os servizos que presta pero en promoción turística non fai nada por promocionar Meaño.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal MI, o Sr. Ásperez Montes, quen sinala que hai que pagarlle á Mancomunidade as facturas pero o gasto en promoción



## Concello de Meaño

turística non repercute no Concello de Meaño; puntualizando nesta materia se trata de moitos cartos mal gastados.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, aceptando o ditame-proposta da Comisión Especial de Contas, por unanimidade dos trece membros, acorda:

1º.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial dos créditos e recoñecer as obrigas correspondentes aos gastos que se relacionan por importe de 21.526,66 €, correspondente á liquidación de gastos relativos ó terceiro cuatrimestre do ano 2018 da Mancomunidade do Salnés, segundo as certificacións dos gastos e das achegas que lle corresponden a cada un dos Concellos mancomunados emitidas pola secretaria-interventora desta entidade e que figuran na Conta 4130 do Balance de situación a 31-12-2018:

CONCEPTO	IMPORTE A ABOAR CONCELLO DE MEAÑO
SERVIZO RETROEXCAVADORA 3º CUATRIMESTE	2.214,35 €
AMPLIACIÓN DA REDE DE AUGA PARA SUMINISTRO NOS CONCELLOS DE RIBADUMIA E MEIS	3.944,82 €
ACHEGA A ADQUISICIÓN DE MAQUINARIA CON CARGO AO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL	4.414,92 €
SERVIZO DE LOITA CONTRA A VELUTINA	5.881,14 €
PROMOCIÓN TURÍSTICA 2018	5.071,43 €
TOTAL	21.526,66 €

2º.- Aplicar, con cargo ao Orzamento do exercicio 2019, os correspondentes créditos por importe de 21.526,66 €, con cargo á aplicación presupostaria 943.46300.

### 6º.- RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO 2/2019 (EXP. 313/2019)

A Sra. alcaldesa-presidenta da conta aos membros da Corporación da proposta formulada pola Alcaldía en relación co expediente de recoñecemento extraxudicial 2/2019, na que se sinala que con data 22 de marzo de 2019, a empresa NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.A., presenta certificación 3-final da execución da obra “Ensanche e pavimentación do camiño rural de Quintáns-Igrexa” e factura n.º 1903025 correspondente a mesma, que ascende a 49.256,96 €. Para a execución desta obra existía consignación orzamentaria axeitada e suficiente no estado de Gastos do Orzamento deste Concello, na aplicación orzamentaria 1532.61900; tratándose dun gasto con financiación afectada ao estar financiado ao 100% ao abeiro do Plan Concellos 2016 da Deputación Provincial de Pontevedra.

O prazo establecido de xustificación do devandito investimento remataba o 31-12-2018; concedéndolle a este Concello un prazo de quince días hábiles, a contar desde o 18-01-2019 para a presentación da documentación acreditativa da totalidade do gasto realizado, sen que se xustificara ao non estar rematada.



## Concello de Meaño

---

O incumprimento do prazo dará lugar á perda do dereito de cobro da parte da axuda económica non xustificada, extinguíndose a dispoñibilidade do crédito para o recoñecemento da obriga.

Considerando que, segundo estable o artigo 173.5 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, non poderán adquirirse compromisos de gastos por contía superior ao importe dos créditos autorizados no estados de gastos, sendo nulos de pleno dereito os acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan esta norma.

Considerando que os expedientes de gasto que incorran en nulidade serán obxecto de recoñecemento polo Pleno da Corporación cando non exista crédito, segundo establece o artigo 60.2 do R.D. 500/1990, de 20 de abril e as Bases de execución do Orzamento.

A vista do que antecede e do informe de fiscalización da secretaria-interventora, e sen prexuízo do resultado do expediente de imposición de penalización a empresa adxudicataria, que se está a tramitar, por incumprimento do prazo de execución do contrato, en virtude do principio de non compensación das partidas de gastos e ingresos, recollido no marco conceptual da contabilidade pública da Instrucción do Modelo normal de Contabilidade Local, aprobada mediante a Orde HAP/1781/201; esta Alcaldía, proponlle á Comisión Especial de Contas que ditamine favorablemente este asunto e a súa vez lle propoña ao Pleno da Corporación aprobar o recoñecemento extraxudicial do crédito correspondente a certificación nº 3-final e factura nº 1903025, emitida pola empresa adxudicataria NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.A., correspondente a execución da obra Ensanche e pavimentación do camiño rual de Quintáns-Igrexa, que ascende a 49.256,96 €, que será imputada a aplicación 1532.61900, quedando vinculada a efectividade do recoñecemento extraxudicial á entrada en vigor da correspondente modificación orzamentaria.

Sometido o asunto a deliberación toma a palabra a voceira do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE, a Sra. García Fernández, quen sinala que se debería ter feito máis e o Concello debería terlle presionado á empresa para que rematara a obra en prazo como era a súa obriga.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal MI, o Sr. Ásperez Montes, quen sinala que esa obra estaba incluída no Plan Concellos 2016 e o prazo inicial remataba o 31 de decembro de 2017 prorrogándose o prazo ata o 31 de decembro de 2018, non se rematou para o primeiro prazo nin para o segundo o que supón irresponsabilidade e mala xestión política.

Contesta a Sra. alcaldesa que o prazo de execución era de 11 semanas e desde o día seguinte ao da sinatura do contrato se estivo presionando a empresa para que se cumpriran os prazos e se rematara a obra en tempo máxime cando se empezou a



## Concello de Meaño

---

observar a lentitude no ritmo de execución; a empresa non soubo xestionar os tempos.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, aceptando o ditame-proposta da Comisión Especial de Contas, con seis abstencións dos membros do Grupo Municipal MI e do PSdeG-PSOE e por sete votos a favor dos concelleiros dos Grupo Municipais do PP, acorda:

1º.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial do crédito correspondente á certificación nº 3-final e factura nº 1903025, emitida pola empresa adxudicataria NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.A., correspondente a execución da obra Ensanche e pavimentación do camiño rural de Quintáns-Igrexa, que ascende a 49.256,96 €, que será imputada a aplicación 1532.61900.

2º.- Aplicar o correspondente crédito por importe de 49.256,96 €, á aplicación presupostaria 1532.61900 do Orzamento Municipal 2019, quedando vinculada a efectividade do recoñecemento extraxudicial á entrada en vigor da correspondente modificación orzamentaria.

7º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS: SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº1/2019 E CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2019. (EXP. 303/2019)

A Sra. alcaldesa-presidenta da conta aos membros da Corporación da proposta formulada pola Alcaldía en relación co expediente de modificación de créditos, suplemento nº 1 e crédito extraordinario nº 1, sinalando que no desenvolvemento e execución do Orzamento Municipal correspondente ó exercicio económico 2019, obsérvase insuficiencia de crédito nas seguintes partidas do Estado de Gastos, tales como:

### Capítulo IV:

- Obriga pendente de aplicar ao orzamento a 31-12-2018 correspondente á liquidación de gastos relativos ó terceiro cuatrimestre do ano 2018 da Mancomunidade do Salnés (Disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira), que ascenden a 21.526,66 €.

### Capítulo VI:

Que afecta a:

- Fase I de apertura e urbanización de vial en Iglesia-Lores, ao non poder optar a financiación ata a data ao non dispor dos terreos.
- Certificación n.º 3-final da execución da obra “Ensanche e pavimentación do camiño rural de Quintáns-Igrexa”, pola perda parcial da subvención concedida pola Deputación Provincial de Pontevedra ao abeiro do Plan Concellos 2016.

Tamén se propón a concesión de créditos extraordinarios para afrontar gastos necesarios derivados da convocatoria de subvencións e xurdidos no curso da execución deste orzamento e que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, relativas a gastos de inversión:

### Capítulo VI:



## Concello de Meaño

Que afecta a:

- Achega municipal a:

\* Solicitud de subvención ao abeiro da Orde do 21 de decembro de 2018 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para a “Fase II de apertura e urbanización de vial en Iglesia-Lores”, xa que o Concello tería que achegar no caso de concesión un como mínimo o 20% do investimento.

\* Solicitud de subvención ao abeiro da Orde do 17 de decembro de 2018 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para “Mellora na rede de abastecemento de auga en Meaño: Simes e Padrenda”

\* Solicitud de subvención ao abeiro da Orde do 18 de decembro de 2018 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para “Mellora de instalacións de iluminación exterior nas canchas deportivas de Simes, Lores, Barreiro-Xil, Cobas, Dena e da iluminación interior no pavillón cuerto de Dena, xa que o Concello tería que achegar no caso de concesión un como mínimo o 20% do investimento.

\* Achega ao Convenio de Colaboración solicitado á Secretaria Xeral para o Deporte para “Aplicación de pavimento deportivo puntoelástico prefabricado de caucho en pista polideportiva do pavillon de Meaño e posterior pintado de campos.

\* Solicitud de subvención ao abeiro da Resolución do 28 de decembro de 2018 da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural correspondente ao Plan de mellora de camiños 2019-2020.

\* Mellora enerxética dos alumeados públicos mediante tecnoloxía LED.

\* Achega ao Convenio solicitado a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para acondicionar un espazo multiusos no CEIP Coirón con destino principal comedor.

\* Aquisición de piano para a Escola Municipal de Música de Meaño, polo estado de deterioro do existente.

\* Mellora da fonte de Paradela

\* Rematar a obra de “Mellora e pavimentación do camiño de Quintáns-Souto” nos tramos afectados polo expediente de expropiación.

\* Acondicionamento do terreo para aparcadoiro do campo de fútbol de Meaño.

De conformidade coas disposicións vixentes, cando deba efectuarse algún gasto específico e determinado que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e para o que o crédito previsto resulte insuficiente ou non exista crédito, a Corporación poderá acorda-la realización dun suplemento de crédito, no primeiro suposto ou a concesión dun crédito extraordinario, que poderán financiarse con cargo ao superávit presupostario e con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais; quedando:

### SUPLEMENTO DE CRÉDITOS 1/2019

#### Capítulo IV

Aplicación Presupostaria	Aumento	Financiamento/Aplicación	Fins
943.46300	21.526,66 €	Rte. líquido tesourería/superavit presup 870.00	Gtos do terceiro cuatrimestre 2018 da Mancomunidade do Salnés.

TOTAL AUMENTO: 21.526,66 €

#### Capítulo VI

Aplicación Presupostaria	Aumento	Financiamento/Aplicación	Fins
--------------------------	---------	--------------------------	------



## Concello de Meaño

1531.60901	170.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	Fase I de apertura e urbanización de vial en Iglesia-Lores. Anualidade 2019
1532.61900	49.256,96 €	Rte. líquido tesourería 870.00	Ensanche e pavimentación camiño rural de Quintáns-Igrexa

TOTAL AUMENTOS: 219.256,96 €

Sometido o asunto a deliberación toma a palabra a voceira do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE, a Sra. García Fernández, quen sinala que é evidente que deberá incluírse o financiamento dos dous puntos considerados anteriormente e as achegas municipais as actuacións para as que se ten solicitada subvención pero tamén se introduce consignación de crédito que se debería ter previsto no Orzamento inicial, polo que se absterán.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal MI, o Sr. Ásperez Montes, quen sinala que se propón crédito para a mellora do pavimento deportivo do pavillón de Meaño polo importe de trinta mil euros cando é unha neveira, ten problemas de condensación, etc., polo que lle parece un despropósito que se faga este investimento cando o pavillón ten outras necesidades máis inmediatas.

Contesta a Sra. alcaldesa que, o grupo de goberno ven traballando para conseguir dotar a este pavillón deste chan e o financiamento.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, aceptando o ditame-proposta da Comisión Especial de Contas, con seis abstencións dos membros do Grupo Municipal MI e do PSdeG-PSOE e por sete votos a favor dos concelleiros dos Grupo Municipais do PP, acorda:

1º/ Aprobar inicialmente o expediente de Modificación de Créditos: Suplemento de Créditos 1/2019 e Créditos Extraordinarios 1/2019, segundo se sinala, financiados con cargo *ao superávit en contabilidade nacional, segundo sinala a Disposición adicional sexta da lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostibilidade Financiera e a Disposición adicional decimosexta do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobada polo R.D.Lvo. 2/2004, de 5 de marzo e Real Decreto-lei 10/2019, do 29 de marzo, polo que se prorroga para 2019 o destino do superávit das de comunidades autónomas e das corporacións locais para investimentos financeiramente sostibles* e con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais (aforro propio procedente de exercicios anteriores), obtido da Liquidación do Orzamento correspondente ó exercicio económico 2018, calculados ó abeiro do art. 101 a 104 do R.D. 500/90, do 20 de abril e o SEC 201, nos seguintes termos, coa conseguinte modificación no Plan de Inversións:

### SUPLEMENTO DE CRÉDITOS 1/2019

#### Capítulo IV

Aplicación Presupostaria	Aumento	Financiamento/Aplicación	Fins
943.46300	21.526,66 €	Rte. líquido tesourería/superavit presup 870.00	Gtos do terceiro cuatrimestre 2018 da Mancomunidade do Salnés.





## Concello de Meaño

TOTAL AUMENTO: 21.526,66 €

### Capítulo VI

Aplicación Presupostaria	Aumento	Financiamento/Aplicación	Fins
1531.60901	170.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	Fase I de apertura e urbanización de vial en Iglesia-Lores. Anualidade 2019
1532.61900	49.256,96 €	Rte. líquido tesourería 870.00	Ensanche e pavimentación camiño rural de Quintáns-Igrexa

TOTAL AUMENTOS: 219.256,96 €

## CRÉDITOS EXTRAORDINARIO 1/2019

### CAPÍTULO VI

Aplicación Presupostaria	Aumento	Financiamento/Aplicación	Fins
1531.60902	25.000,00 €	Rte. líquido tesourería/Superavit presup 870.00	Fase II de apertura e urbanización de vial en Iglesia-Lores
161.60900	12.000,00 €	Rte. líquido tesourería/Superavit presup 870.00 *	Abastecemento auga Simes e Padrenda
165.62200	30.000,00 €	Rte. líquido tesourería/Superavit presup 870.00	Mellora alumeados de Padrenda
323.62200	30.000,00 €	Rte. Líquido tesourería 870.00	Acondicionamento espazo multiusos CEIP Coirón
334.62300	6.000,00 €	Rte. Líquido tesourería 870.00	Adquisición piano Escola municipal de música
342.63202	8.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	Mellora iluminación canchas e instalacións deportivas
342.63203	35.000,00 €	Rte. líquido tesourería/Superavit presup 870.00	Mellora do pavimeto deportivo pavillón Meaño
452.619.00	15.000,00 €	Rte. líquido tesourería	Mellora fonte de Paradela
454.61908	10.000,00 €	Rte. líquido tesourería/Superavit presup 870.00	Plan mellora camiños 2019-2020
454.61809	30.000,00 €	Rte. líquido tesourería	Mellora e pav. Cño Quintáns-Souto
933.60900	40.000,00 €	Rte. Líquido tesourería/Superavit presup 870.00	Acondicionamento terreo aparcadoiro CF

TOTAL AUMENTOS: 241.000,00 €

TOTAL FINANCIAMENTO CON CARGO Ó REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA: 481.783,62 €

- SUPERAVIT PRESUPUESTARIO: 163.313,64 € (21.526,66 € segundo establece a Disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira e 141.786,98 gastos financeiramente sostíbeis)

- REMANTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS: 318.469,98 €

Quedando o resume por capítulos do Orzamento como segue:

GASTOS			INGRESOS		
Cap	Denominación	Importe €	Cap	Denominación	Importe €
1	Gastos de persoal	1.584.975,02	1	Impostos directos	1.117.000,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.396.810,70	2	Impostos indirectos	30.000,00
3	Gastos financeiros	0,00	3	Taxas e outros ingresos	655.513,00
4	Transferencias correntes	191.945,59	4	Transferencias correntes	1.558.560,00
6	Investimentos reais	2.063.629,02	5	Ingresos patrimoniais	6.500,00
7	Transferencias de capital	19.000,00	6	Alleamento de inversións reais	1,00
8	Activos financeiros	0,00	7	Transferencias de capital	1.241.517,47
9	Pasivos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	647.268,86
			9	Pasivos financeiros	
	<b>TOTAL</b>	5.256.360,33		<b>TOTAL</b>	5.256.360,33

2º/ Que continúe a tramitación do expediente coa exposición pública para os



## Concello de Meaño

---

efectos de reclamación, na forma e prazos que se establece no artigo 169 del R.D.Lvo2/2004, de 4 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en concordancia cos artigos 37 e 38 do R.D. 500/90, do 20 de abril; quedando definitivamente aprobado, sen prexuízo das publicacións pertinentes, de non presentarse reclamacións contra o mesmo.

### 8º.- RATIFICACIÓN DO MARCO PRESUPOSTARIO A MEDIO PRAZO 2019-2022. (EXP. 238/2019)

A Sra. alcaldesa cédelle a palabra a secretaria-interventora, quen sinala que, segundo establece o artigo 29.1 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, as Administracións Públicas elaborarán un marco orzamentario a medio prazo no que se enmarcará a elaboración dos seus orzamentos anuais e a través do cal se garantirá unha programación orzamentaria coherente cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública. De acordo co artigo 15.5 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, correspóndelle ao Ministerio de Economía elaborar periodicamente un informe de situación da economía española.

Dito informe conterà, entre outras informacións, a taxa de referencia de crecemento do PIB de medio prazo da economía española, que limitará o gasto das Administracións Públicas. Segundo o acordo do Consello de Ministros de data 20 de xullo de 2018, polo que se fixan os obxectivos de estabilidade presupostaria e de débeda pública para o conxunto de administracións públicas e de cada un dos seus subsectores e regra de gasto para o período 2019-2021, estímase para este período como límites o 2,7, 2,9 e 3,1 respectivamente. Por outra parte ao non dispor de información sobre o límite de variación previsto no 2022, e ata que o mesmo non se coñeza debe aplicarse a taxa do último ano do período dispoñible. 3,1.

Dado que antes do 15 de marzo de cada ano se remitirán os marcos orzamentarios a medio prazo e que en canto á tramitación e aprobación dos marcos orzamentarios a medio prazo a normativa de estabilidade presupostaria non sinala o órgano competente para a súa aprobación polo que, con data 15 de marzo de 2019, se dita a seguinte Resolución da Alcaldía, que se somete a ratificación:

#### **“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** Informe de intervención para a elaboración do marco orzamentario a medio prazo 2019-2022.

**EXPEDIENTE:** 238/2019

Visto o informe da secretaria-interventora de data 15 de marzo de 2019 onde se formulan as seguintes consideracións xurídicas e económicas así coma a proposta de Marco presupostario a medio prazo 2019-2022:

**LEXISLACIÓN APLICABLE:** *A lexislación aplicable ven determinada*

- *Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira*



## Concello de Meaño

coas modificacións dadas pola Lei Orgánica 9/2013, do 20 de decembro de control da débeda comercial no sector público.

- Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de suministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaia e Sostibilidade Financeira coas modificacións dadas pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro.
- Directiva 2011/85/UE do Consello do 8 de novembro de 2011.
- Acordo do Consello de Ministros de data 20-07-2018 polo que se fixan os obxectivos de estabilidade presupostaria e de débeda pública para o conxunto de administracións públicas e de cada un dos seus subsectores para o período 2019-2021 e regra de gasto para o período 2019-2021.

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

**PRIMEIRA:** A fin de integrar a perspectiva plurianual no marco de supervisión orzamentaria da UE, a planificación da lei de orzamento anual debe basearse nunha planificación plurianual derivada do marco orzamentaria a medio prazo.

Os marcos orzamentarios a medio prazo comprenderán procedementos para establecer os obxectivos plurianuais globais e transparentes expresados en termos de déficit das administracións públicas, débeda pública e outros indicadores orzamentarios como o gasto.

**SEGUNDA:** De conformidade co establecido no artigo 29 da LOEOSF:

1. Establécese un plan presupostario a medio prazo que se incluírá no Programa de Estabilidade, no que se enmarcará a elaboración dos presupostos anuais e a través do cal se garantirá unha programación orzamentaria coherente cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública e de conformidade coa regra de gasto.
2. O plan orzamentario a medio prazo abarcará un período un período mínimo de tres anos e conterán, entre outros parámetros:
  - a) Os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública e regra de gasto das respectivas Administracións Públicas.
  - b) As proxeccións das principais partidas de ingresos e gastos tendo en conta tanto a súa evolución tendencial, é dicir, baseada en políticas no suxeitas a modificacións, como o impacto das medidas previstas para o período considerado.
  - c) Os principais supostos nos que se basean ditas proxeccións de ingresos e gastos.
3. As proxeccións adoptadas no plan orzamentario a medio prazo basearanse en previsións macroeconómicas e presupostarias elaboradas conforme ás metodoloxías e procedementos establecidos no proceso presupostario anual.
4. Toda modificación do plan presupostario a medio prazo ou desviación respecto ao mesmo deberá ser explicada.

A información mínima que deben conter estes plans, que será:

- A información sobre pasivos continxentes, como son as garantías públicas e préstamos morosos, que poden incidir de maneira significativa nos orzamentos.
- A información necesaria para a elaboración do programa de estabilidade e a relativa ás políticas e medidas previstas para o período considerado que, a partir da evolución tendencial, permitan a consecución dos obxectivos orzamentarios.

**TERCEIRA:** Antes do 15 de marzo de cada ano, de acordo coa información sobre o obxectivo de estabilidade orzamentaria e de débeda pública que previamente subministre o Estado, remitiranse os marcos orzamentarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos seus orzamentos anuais.

En canto a tramitación, a aprobación dos marcos orzamentarios a medio prazo a normativa de



## Concello de Meaño

estabilidade presupostaria non sinala o órgano competente para a súa aprobación polo que podería ser aprobado pola Alcaldía dando posterior conta ao Pleno da Corporación e deberá remitirse pola entidade local ó Ministerio de Facenda e Función Pública, por vía telemática e con firma electrónica.

**CUARTA:** As proxeccións das principais partidas de ingresos e gastos deben ter en conta tanto a súa evolución tendencial, é decir baseada en políticas non suxeitas a modificacións, como o impacto das medidas previstas para o período considerado.

Dada a situación da economía e o marco legal, que afecta de maneira directa e indirecta ao financiamento dos concellos, as proxeccións de ingresos e gastos, en canto a súa evolución tendencial, deben plantexarse desde o control do gasto e a prudencia nos ingresos.

Nas proxeccións de gastos as medidas que derivan de modificacións de políticas, debe terse en conta á aplicación da regra de gasto e o límite da débeda.

De acordo co artigo 15.5 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, correspóndelle ao Ministerio de Economía elaborar periodicamente un informe de situación da economía española.

Dito informe conterá, entre outras informacións, a taxa de referencia de crecemento do PIB de medio prazo da economía española, que limitará o gasto das Administracións Públicas.

Según o acordo do Consello de Ministros de data 20 de xullo de 2018 polo que se fixan os obxectivos de estabilidade presupostaria e de débeda pública para o conxunto de administracións públicas e de cada un dos seus subsectores para o período 2019-2021 e regra de gasto para o período 2019-2021, resulta unha taxa de referencia nominal en % de variación anual para determinar a regra de gasto de

2019	2020	2021
2,7	2,9	3,1

Por outra parte ao non dispor de información sobre o límite de variación previsto no 2022, e ata que o mesmo non se coñeza debe aplicarse a taxa do último ano do período dispoñible, que do 3,1%.

Polo tanto, as taxas de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española para aplicar á evolución do gasto computable serán:

2018	2019	2020	2021
2,7	2,9	3,1	3,1

Considerando os seguintes supostos nos que se basean as proxeccións na elaboración do Plan Orzamentario:

1. Con carácter xeral, tanto para as previsións de dereitos recoñecidos netos coma de obrigas recoñecidas netas para os exercicios 2019, 2020, 2021 e 2022 efectúanse en relación ao Presuposto inicial, aplicando o principio de prudencia para a previsión de ingresos e de contención para a previsión de gastos sobre todo aos gastos correntes e considerando o incremento evolutivo tendencial dos últimos exercicios, respetando os obxectivos de Estabilidade presupostaria e Regra de gasto..
2. A estimación dos dereitos recoñecidos por ingresos correntes, para o ano 2019 efectúase tendo en conta a evolución da recadación nos tres últimos exercicios e:

En relación co Capítulo I de ingresos e referente ao Imposto sobre Bens Inmóveis de Naturaleza Urbana a previsión realízase tendo en conta que no exercicio 2019 entrarán a tributar os valores resultantes da regularización catastral levada a cabo neste Concello pola Dirección Xeral de Catastro.



## Concello de Meaño

En relación ás transferencias de capital prevese para os exercicios 2019 e sucesivos o Plan de Obras e Servizos e a previsión de plans extraordinario de investimentos como foi o plan DEPORENSE da Deputación Provincial, o Plan Marco de mellora de camiños rurais, cun cumprimento de execución anual.

3. En relación aos gastos:

- Os gastos de persoal no 2019 contemplase o previsible gasto derivado da cobertura da praza de funcionario/a de carreira de técnico medio de xestión administrativa, incluída na Oferta de Emprego Público 2017, a reorganización do Cadro de Persoal no exercicio 2019, derivado da reposición de efectivos, promoción interna, o cumprimento de trienios e plan de estabilización de emprego temporal, que se considera tamén nos sucesivos exercicios e as contratacións derivadas dos plans de emprego da Deputación, partindo do Plan de Obras e Servizos 2019.

- En relación aos gastos en bens correntes e servizos aplícase un incremento tendencial que se ven experimentando nos últimos anos e a previsible alza de custos derivado do IPC .

- En canto aos gastos financeiros non se prevén dado que actualmente o Concello de Meaño non ten débeda viva.

- Transferencias correntes prevese en computo total unha tendencia similar aos exercicios anteriores.

- Investimentos reais, no exercicio 2018 mantense a tendencia inversora dos últimos anos cunha previsión da execución anual do Plan Concellos.

- Gastos financeiros non se preven porque actualmente o Concello de Meaño non conta con débeda viva.

- Transferencia de capital no que respecta ao exercicio natural mantense a tendencia dos últimos anos, sen ter en conta, o investimento puntual como subvención en especie ao Unión Dena Club de Fútbol para a substitución do cespede do campo de fútbol de Dena e que se reflexou no exercicio 2018.

4. Pasivos continxentes, si se teñen en conta os datos dos últimos anos en relación con estes pasivos observase que neste Concollo non se teñen dado estas situacións.

5. +/- Axustes para o cálculo de capacidade ou necesidade de financiación, téñense en conta os seguintes axustes, que persistirán, ao longo dos exercicios para os que se plantexa este marco

Devolución liquidación PIE 2008 en 2018/19/20/21	14.376,00 (+)
Devolución liquidación PIE 2009 en 2018/19/20/21	21.851,28 (+)

Non tendo en conta outros axustes que poden aplicarse derivados sobre todo dos ingresos obtidos da UE.

A vista do sinalado e dando cumprimento ao artigo 29 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaia e Sostibilidade Financeira coas modificacións dadas pola Lei Orgánica 9/2013, do 20 de decembro de control da débeda comercial no sector público e a Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de suministro de infomración previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaia e Sostibilidade Financeira coas modificacións dadas pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro; esta Alcaldía en uso das facultades que lle atribúe o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; RESOLVE:

1º.- Aprobar o Marco Orzamentario a medio prazo 2019-2022, segundo o cadros que se xuntan, e que presentan o seguinte desglose:



## Concello de Meaño

### INGRESOS.

Cap.	Denominación	2019	2020	2021	2022
		Estimación de dereitos recoñecidos netos 2019	Estimación de previsións iniciais 2019, 2020, 2021 e 2022		
1	Impostos directos	1.152.000,00	1.159.000,00	1.175.000,00	1.185.000,00
2	Impostos indirectos	25.000,00	30.000,00	30.000,00	30.000,00
3	Taxas e outros ingresos	650.000,00	660.000,00	660.000,00	665.000,00
4	Transferencias correntes	1.546.596,00	1.562.000,00	1.575.000,00	1.580.000,00
5	Ingresos patrimoniais	5.000,00	6.000,00	6.000,00	6.000,00
6	Enax. de inversións reais	0,00	0,00	0,00	0,00
7	Transferencias de capital	510.000,00	510.000,00	520.000,00	520.000,00
8	Activos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00
	<b>TOTAL</b>	<b>3.888.596,00</b>	<b>3.927.000,00</b>	<b>3.966.000,00</b>	<b>3.986.000,00</b>

### GASTOS

Cap.	Denominación	2019	2020	2021	2022
		Estimación de obrigas recoñecidas netas 2019	Estimación de créditos iniciais 2018, 2019, 2020 e 2021		
1	Gastos de persoal	1.570.000,00	1.610.530,00	1.625.000,00	1.640.000,00
2	Gtos bens correntes e Servizos	1.325.000,00	1.350.000,00	1.400.000,00	1.400.000,00
3	Gastos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00
4	Transferencias correntes	160.000,00	165.000,00	165.000,00	170.000,00
6	Investimentos reais	720.000,00	730.000,00	730.000,00	730.000,00
7	Transferencias de capital	19.000,00	20.000,00	20.000,00	20.000,00
8	Activos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00
	<b>TOTAL</b>	<b>3.794.000,00</b>	<b>3.875.530,00</b>	<b>3.940.000,00</b>	<b>3.960.000,00</b>

### CAPACIDADE E NECESIDADE DE FINANCIACIÓN

SALDOS Y OTRAS MAGNITUDES	2019	2020	2021	2022
Saldo operacións correntes	323.596,00 €	291.470,00	256.000,00	256.000,00
Saldo de operacións de capital	-229.000,00 €	-240.000,00	-230.000,00	-230.000,00
Saldo operacións non financeiras	94.596,00	51.470,00	26.000,00	26.000,00
Saldo operacións financeiras	0,00	0,00	0,00	0,00
Saldo operacións non financeiras	0,00	0,00	0,00	0,00
+/- Axustes para o cálculo de capacidade ou necesidade de financiación	36.227,28	36.227,28	36.227,28	36.227,28
Capacidade ou necesidade de financiación	130.823,28	87.697,28	62.227,28	62.227,28
Débeda viva 31/12	0,00	0,00	0,00	0,00

### PASIVOS CONTINXENTES



## Concello de Meaño

PASIVOS CONTINGENTES	2018	2019	2020	2021
Avales concedidos	0,00	0,00	0,00	0,00
Préstamos morosos	0,00	0,00	0,00	0,00
Garantías	0,00	0,00	0,00	0,00
Por sentencias o expropiacións	0,00	0,00	0,00	0,00
Otros	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	0,00	0,00	0,00	0,00

2º.- Remitir ao Ministerio de Hacienda o presente Marco Orzamentario, por medios electrónicos e mediante firma electrónica a través da plataforma habilitada para elo na Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais.

3º.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que celebre.

Manda e asina a Sra. alcaldesa M<sup>a</sup> Lourdes Ucha Varela, en Meaño, ante mín a secretaria-interventora M<sup>a</sup> Teresa Escudero Barral, que dou fe.”

Toma a palabra a Sra. García Fernández, quen sinala que son marcos que se elaboran en base a conxeturas de previsións de crecemento sen ter en conta as variacións do mercado que non son fáciles de prever, polo que por responsabilidade o seu grupo mantendo a liña que adoptaron en relación cos últimos marcos orzamentarios absterase.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación aceptando o ditame proposta da Comisión Especial de Contas, con seis abstencións dos concelleiros do Grupo Municipal MI e PSdeG-PSOE e con sete votos a favor dos concelleiros dos Grupo Municipais do PP, ratifica o Marco Orzamentario a medio prazo 2019-2022.

### 9º- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PsdeG-PSOE REFERIDA Á MELLORA DO CONTORNO DOS PASOS DE PEÓNS. (EXP. 314/2019)

A Sra. alcaldesa cédelle a palabra á Sra. García Fernández, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, quen da lectura ao escrito de moción presentado con data de rexistro de entrada 01-04-2019, nº 2018-E-RE-123, referida á mellora do contorno dos pasos de peóns:

“O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Meaño a través da súa voceira Icíá Fernandez e ó abeiro nos artigos 9.14 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN, referida á mellora do contorno dos pasos de peóns.**

No ano 2015, o Concello de Meaño, por retición do grupo municipal socialista, solicitoulle ás administracións propietarias da PO-303 e da PO-9305 un uniforme sobre a posibilidade de crear novos pasos de peóns. A resposta de ambas administracións non foi satisfactoria para os intereses dos veciños, posto que non vían necesario a instalación de máis pasos peonís.

É ben sabido por todos os grupos municipais aquí presentes que son moitos os veciños que se quixan de



## Concello de Meaño

---

inseguridade que lles produce cruzar por determinados pasos de peóns, xa sexa pola velocidade coa que se pasan os vehículos ou porque a visibiliade dos pasos peonís se ve mermada polo estacionamento de vehículos.

A día de hoxe, moitos concellos, xa están tomando medidas para mellorar o contorno dos pasos de peón, co obxectivo de aumentar a visibilidade dos mesmos ante os conductores e aportar máis seguridade aos viandantes.

De acordo con todo o anterior, sómese a consideración do Pleno da Corporación á aprobación a seguinte;

### PROPOSTA DE ACORDO:

1. Instar a Xunta de Galicia, propietaria da PO-303 (Xil-Simes) e da PO-550 (Dena), a efectuar a mellora dos contornos dos pasos peonís, para garantir a seguridade e a visibilidade dos viandantes.
2. Instar á Deputación de Pontevedra, propietaria da PO-350, a efectuar a mellora dos contornos dos pasos peonís para garantir a seguridade e a visibilidade dos viandantes.”

Engadindo que, o que están a propoñer é que se solicite ás administracións titulares desta vías unha mellora dos entornos dos pasos peonís.

Sometido o asunto a deliberación toma a palabra o Sr. Varela Budelo, quen sinala que a aplicación da normativa de seguridade vial tal vez conleve que teñan que instalar altos pero ¿consultaron algo co Concello?

Toma a palabra a Sra. alcaldesa quen sinala que, ao abeiro do Plan Move-se solicitouse da Deputación Provincial reductores de velocidade para diversos puntos das estradas da súa titularidade e colocáronnos nos puntos que consideraron máis viables.

Engade o Sr. Varela Budelo que se debería chegar a un acordo para determinar en que puntos se debería establecer estas medidas.

Contesta a Sra. alcaldesa que a ubicación, entende, responderá a lexislación de seguridade vial e que o Concello propuxo un calmado de velocidade en puntos perigosos e as administracións titulares desta vías consideran que pasa pola instalación de altos.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, aceptando o ditame proposta da Comisión Informativa Permanente de Infraestruturas, Urbanismo, Industria, Comercio e Turismo, por unanimidade, dos trece membros, acorda:

1º.- Instar a Xunta de Galicia, propietaria da PO-303 (Xil-Simes) e da PO-550 (Dena), a efectuar a mellora dos contornos dos pasos peonís, para garantir a seguridade e a visibilidade dos viandantes.

2º.- Instar á Deputación de Pontevedra, propietaria da PO-350, a efectuar a mellora dos contornos dos pasos peonís para garantir a seguridade e a visibilidade dos viandantes.





## Concello de Meaño

---

### PARTE DE INFORMACIÓN E CONTROL

#### 10º.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2018. (EXP. 66/2019)

A Sra. alcaldesa-presidenta maniféstalles aos membros da Corporación que unha vez practicada a liquidación do orzamento de 2018, segundo o previsto no R.D.Lvo. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no R.D. 500/90, do 20 de abril e demais normativa aplicable, a Alcaldía, en uso das facultades que lle atribúe o artigo 191.3 do Real Decreto Lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais en concordancia co artigo 90.1 do Real Decreto 500/1990, do 2 de abril, mediante Resolución de data 28 de febreiro de 2019, aprobou a liquidación do Orzamento 2018.

Aos efectos de dar cumprimento ó disposto no artigo 193.4 do R.D.Lvo. 2/2004 debe darse conta ao Pleno da aprobación de dita liquidación na primeira sesión que se celebre dende a súa aprobación. Así mesmo, en cumprimento do artigo 193.5 do citado Real decreto Lexislativo 2/2004 deberá remitirse unha copia ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma.

O contido da Resolución da Alcaldía de aprobación da Liquidación do Orzamento Municipal correspondente ao exercicio económico 2018 é o seguinte:

#### “RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**Asunto:** Aprobación da Liquidación do Orzamento Municipal correspondente ao exercicio económico 2018.

**Expediente:** 66/2019

#### Antecedentes de feito:

1º.- O Pleno da Corporación, en sesión de data 28 de decembro de 2017, aprobou inicialmente o Orzamento Municipal para o exercicio 2018, aprobándose definitivamente en sesión de data 12 de febreiro de 2018.

2º.- O peche e liquidación do Presuposto efectuarase en canto á recadación de dereitos e o pago de obrigas o 31 de decembro do ano natural correspondente.

3º.- A Secretaría-interventora emite sendos informes sobre a Liquidación do Orzamento 2018 e sobre a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e límite de débeda.

#### Fundamentos xurídicos:

1º/ O Presuposto de cada exercicio liquidarase en canto a recadación de dereitos e pago de obrigas o 31 de decembro do ano natural correspondente, quedando a cargo da Tesourería os ingresos e pagos pendentes, segundo as súas respectivas contraccións.

2º/ A confección da Liquidación do Presuposto deberá realizarse antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte cos requisitos esixidos no artigo 191 do RD Lvo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido a Lei Reguladora das Facendas Locais, en concordancia cos arts. 89 e ss. do R.D. 500/90, do 20 de abril.

